

 ATENE  
O DE  
SANT  
IAGO  
BARROCO

Animados e impulsados pola magnífica acollida do público compostelán e galego, polo alto nivel artístico acadado, o excelente impacto a nivel de difusión e comunicación e, en resumo, a boa imaxe e sensacións deixadas pola primeira edición do festival Ateneo Barroco 2019, uns resultados non sinxelos de acadar no debut dun festival novel, a asociación Ateneo de Santiago ten preparada a segunda edición para o próximo mes de outubro de 2020.

## SEGUNDA EDICIÓN UN PROGRAMA / MÚLTIPLES PERSPECTIVAS

Ópera e música de cámara, da man, como inspiración recíproca ou tendendo pontes entre estilos; a música para escena do Barroco e a música de cámara para salón, concertos e encontros sociais; Francia, teatro lírico e música para teclado, Rameau e os Couperin; os grandes mestres do Barroco en Europa: Haendel e Telemann, Couperin e Rameau, Monteverdi... Xa sexa a través das versións para teclado das arias e sinfonías das óperas e ballets de Rameau ou das sonatas de Haendel, coas adaptacións para audiencias máis reducidas das arias dos mestres da ópera italiana ou coas fantasías de Telemann, as interrelacións, conexións e proximidade de todos os programas dos cinco concertos da segunda edición do festival Ateneo Barroco poderían incluso facer difícil a escolla dunha das múltiples temáticas e perspectivas entre as que se podería abordar a explicación do programa no seu conxunto. Esta multiplicidade de posibles perspectivas está aproveitada ao máximo no deseño das actividades complementarias do festival, un apartado formativo e divulgativo concibido para contribuír a enriquecer a experiencia e o coñecemento do público do festival e que inclúe case dez actividades entre conferencias, encontros e charlas cos artistas, e os seus instrumentos, e un ciclo de cinema, documental e música.

O Festival Ateneo Barroco 2020 atesoura tanto coherencia e unidade de programación como unha sobresaínte variedade no que a estilos e xéneros musicais se refire. Estructurado en cinco concertos, de diversas e ilustrativas temáticas, cada un suporá unha experiencia musical única e completa, avalada pola calidade dos músicos e a excelencia das músicas seleccionadas, na que tamén se poderá gozar do patrimonio artístico da cidade: teatros e salas de concerto, igrexas e espazos singulares como o Teatro Principal, o Paraninfo e a Igrexa da Universidade.

# 1

## ***To all lovers of Musick***

*As sonatas de Haendel*

### **AL AYRE ESPAÑOL**

EDUARDO LÓPEZ BANZO *clave e dirección*

ALEXIS AGUADO *violín*

KEPA ARTETXE *violín*

GUILLERMO TURINA *violoncello*

XISCO AGUILÓ *contrabaixo*

Paraninfo da Universidade  
(Facultade de Xeografía e Historia)  
Santiago de Compostela  
venres 9 outubro 2020  
20:00

Baixo a dirección do seu fundador Eduardo López Banzo, Al Ayre Español, probablemente o conxunto de referencia estatal no eido da música barroca, inaugura o festival cun concerto dedicado ás sensacionais sonatas de Georg Friedrich Haendel. Para moitos, Haendel o máis importante operista do Barroco e, sen dúbida, figura transcendental na historia da música. Ademais do seu talento para a música de cámara, nestas sonatas publicadas en Londres en dúas coleccións distintas en 1733 e en 1739, atopamos sen dificultade a fértil imaxinación de Haendel como compositor de ópera, xa que conteñen unha forte presenza de elementos dramáticos e teatrais e mesmo foron definidas como “óperas sen palabras”. Al Ayre Español é unha agrupación merecedora de notorios recoñecementos como o Premio Nacional de Música outorgado polo Ministerio de Cultura. Con máis de trinta anos de experiencia ás súas costas e toda unha institución musical e cultural, Al Ayre Español goza dunha gran reputación internacional, é invitado repetidamente para actuar nos máis prestixiosos festivais e salas de concerto do mundo e atesoura unha amplísima e galardoada discografía.

### **AL AYRE ESPAÑOL**

#### **EDUARDO LÓPEZ BANZO**

Fundado en 1988 por Eduardo López Banzo co propósito de facer fronte aos tópicos que daquela rodeaban as interpretacións da música barroca española, o espírito de Al Ayre Español sempre foi combater estes clichés con rigor, excelencia na interpretación e o ánimo de insuflar nova vida ás músicas do pasado na oferta a un público contemporáneo. Al Ayre Español tense convertido, non só nunha formación prestixiosa, senón nunha filosofía de interpretación que Eduardo López Banzo construíu paseniñamente cos seus músicos e que agora é recoñecible, solicitada e aclamada en todo o mundo.

Trinta anos nos festivais e teatros máis importantes de Europa, catorce anos como orquestra residente no Auditorio de Zaragoza, dezaioito discos, premios e distincións nacionais e internacionais e unha incesante axenda de compromisos, confirman que o conxunto aragonés é unha das referencias máis salientables no eido da música antiga e barroca a nivel internacional. Al Ayre Español ten actuado nos escenarios máis prestixiosos do mundo: Concertgebouw de Ámsterdam, Musikverein e Konzerthaus de Viena, Tonhalle de Dusseldorf, Konzerthaus e

Filarmónica de Berlín, Théâtre des Champs Elysées e Cité de la Musique de París, Teatro Real e Auditorio Nacional de Madrid, Palau da Música Catalana e Gran Teatro do Liceu de Barcelona, Laeishalle de Hamburgo, Library of Congress de Washington, Palais des Beaux Arts de Bruxelas, Arsenal de Metz, etc. Tamén é convidado aos máis importantes festivais: Festival de Pascua de Baden Baden, Bachfest (Lepizig), Festival de Música Antiga de Utrecht, Internationale Festtage Alter Musik (Stuttgart), Schleswig-Holstein Musik Festival, Dresdner Musikfestspiele, Toulouse les Orgues, Festival de Ambronay, Festival Händel de Halle, Festival International d'Opéra Baroque de Beaune, Festival de Saintes, Festival Internacional Cervantino (México), Festival Monteverdi (Cremona), Authentica (Israel), Festival Via Stellae (Santiago de Compostela), Festival Antiquarium (Moscou), Festival de Música Religiosa de Oslo, Primavera de Praga, Festival Internacional del Camino de Santiago, etc. Al Ayre Español ten realizado gravacións discográficas para os selos Almagora, Fidelio, Deutsche Harmonia Mundi, Harmonia Mundi France, Naïve-Ambrosie e Challenge Records. Al Ayre Español recibiu o Premio Nacional de Música 2004 outorgado polo Goberno de España e é Embaixador de Zaragoza dende 2011. Conta co patrocinio de Industrias Químicas del Ebro e do Ministerio de Cultura de España e mantén un acordo de residencia co Auditorio de Zaragoza dende 2004.

## PROGRAMA

### **Georg Friedrich Haendel** (1685-1759)

Sonata op. 2 núm. 4 en Fa Maior, HWV 389  
Larghetto - Allegro - Adagio - Allegro - Allegro

Sonata op. 2 núm. 6 en sol menor, HWV 391  
Andante - Allegro - Arioso - Allegro

### **Henry Purcell** (1659-1695)

Suite en sol menor Z. 661  
Prelude - [Almand] - Corant - Saraband

Ground, Z. D222

Suite en Re Maior Z. 667  
Prelude - Almand - [Hornpipe]

### **Georg Friedrich Haendel** (1685-1759)

Sonata op. 5 núm. 4 en Sol Maior, HWV 399  
Allegro - A tempo ordinario - Allegro non presto - Passacaille - Gigue –  
Menuet

Sonata op. 5 núm. 5 en sol menor, HWV 400  
Largo - Come alla breve - Larghetto - A tempo giusto - Air - Bourrée

2

## ***A Biblioteca de Eleonore***

*Fantasías para viola da gamba de Telemann*

**SARA RUIZ** viola da gamba

Igrexa da Universidade  
Santiago de Compostela  
martes 13 outubro 2020  
20:00

Cita especial do festival, esta vez co Barroco alemán, na que Sara Ruiz presenta as recentemente descubertas fantasías para viola da gamba de Georg Philipp Telemann, obras de plena actualidade que veñen a enriquecer o rico legado froito do xenio dun compositor viaxeiro, considerado o máis prolífico da historia da música e contemporáneo de Bach e Haendel. Telemann deixou unha vastísima obra froito da súa inesgotable imaxinación musical e estas fantasías do xenio de Magdeburgo, máis alá de satisfacer as necesidades dos apaixonados da viola da súa época, estaban destinadas a converterse en pedra angular do repertorio para este instrumento. Foi a poetisa Eleonore von Münster quen gardou coidadosamente na súa biblioteca unha copia destas doce fantasías para viola solista que até hai moi pouco, 2015, se consideraban perdidas e que presentan un universo novidoso e diferente respecto ao repertorio para viola solista xa coñecido: unha xoia, sen lugar a dúbidas o máis importante achado para o repertorio de viola da gamba en tempos actuais, que tras durmir sumidas nun longo letargo, grazas á biblioteca de Eleonore, non volverán a ser esquecidas. Talentosa e laureada violagambista, Sara Ruiz colaboradora con prestixiosos conxuntos barrocos e dirixe o seu propio grupo La Bellemont, ao mesmo tempo que, como mestra no Conservatorio de Vigo, está a desenvolver unha extraordinaria labor formando en Galicia unha nova xeración de intérpretes de viola da gamba.

**SARA RUIZ** viola da gamba

Nada en 1977 en Madrid en 1977, cidade onde comezou os estudos de viola da gamba con Itziar Atutxa e Pere Ros antes de trasladarse a Sevilla e obter o título superior con Ventura Rico. Rematou coas máximas cualificacións un post-grao con Lorenz Duftschmid na Musikhochschule de Trossingen (Alemaña) e entre 2004 e 2008 estudou con Vittorio Ghielmi en Lugano (Suíza). Ademais estudou música de cámara co laudista Rolf Lislevand e realizou cursos de perfeccionamento con Jordi Savall, Philippe Pierrot e Christophe Coin.

Colabora con ensembles da categoría de Ámsterdam Baroque Orquestra, Armonico Tributo Austria, Al Ayre Español, La Grande Chapelle, Neue Innsbrucker Hofkapelle, La Reverencia, La Tempestad, Consort de Violas da Gamba da Universidade de Salamanca, Orquestra Barroca de Sevilla, etc. Interpretou como solista o *Concerto para frauta de pico e viola da gamba* de Telemann xunto á prestixiosa orquestra La Cetra Barockorchester Basel. En 2006 gañou o terceiro premio e o premio especial á mellor interpretación da música de C. F. Abel no Concurso Internacional de Viola da Gamba “Bach-Abel” celebrado en Köthen (Alemaña) e cun xurado formado polos prestixiosos gambistas Wieland Kuijken, Paolo Pandolfo e Marianne Müller.

O seu primeiro disco como solista, *La voix de la viole*, gravado co seu ensemble La Bellemont e dedicado á música de Marin Marais, foi galardoado con 5 Diapasóns na revista francesa *Diapason*. En proceso de montaxe están os seus próximos rexistros dedicados ás suites para viola da gamba de François Couperin e ás fantasías de Telemann. O seu ensemble La Bellemont foi nomeado como mellor grupo barroco nos premios GEMA e o seu disco *Plaisir sacré* dedicado aos *petit motets* de Couperin foi nomeado aos prestixiosos premios ICMA (Internacional Classical Music Awards) na categoría de barroco vocal.

Foi profesora nos conservatorios superiores de Sevilla e Salamanca e na actualidade ensina viola da gamba no Conservatorio Superior de Música de Vigo, labor que compaxina cunha intensa actividade concertística. Foi profesora no Curso de Música Antiga de Galaroza, no Primeiro Encontro Ibérico de Viola da Gamba de Porto (Portugal) e no Forum Alte Musik de Sankt Gerold (Austria) e impartiu clases maxistras en Wroclaw (Polonia), Vicenza (Italia) e Salzburgo (Austria). Forma parte do consorcio europeo Violanet, un proxecto para o desenvolvemento da viola da gamba xunto a Vittorio Ghielmi, Mienke van der Velden, Marianne Muller e Bettinna Hoffmann e os conservatorios de Salzburgo, A Haia, Lyon, Florencia e Vigo. Sara Ruiz toca unha viola da gamba orixinal austríaca de principios do século XVIII.

## PROGRAMA

### **Georg Philipp Telemann (1681-1767)**

Fantasía 1 en do menor

Fantasía 5 en Si bemol Maior

Fantasía 3 en mi menor

Fantasía 6 en Sol Maior

Fantasía 7 en sol menor

Fantasía 11 en re menor

### 3

#### ***Monte-Verdi: A arte da redución operística \****

*300 anos de ópera italiana fóra dos teatros*

**ROBERTA INVERNIZZI** soprano

**ARS ATLANTICA**

MANUEL VILAS proxecto artístico, arpa doppia e dirección

MARIÑA GARCÍA BOUSO violín barroco

SARA RUIZ viola da gamba

PATRICIA REJAS piano romántico

JOSÉ MANUEL DAPENA guitarra romántica

Paraninfo da Universidade

(Facultade de Xeografía e Historia)

Santiago de Compostela

venres 16 outubro 2020

20:00

\* programa encargo do festival Ateneo Barroco / estrea absoluta

A vocación do festival Ateneo Barroco de plataforma de fomentar o diálogo e o intercambio dos músicos galegos con artistas internacionais resulta particularmente patente no programa de encargo *Monte-Verdi*, unha estrea absoluta que propicia o encontro dos músicos galegos de Ars Atlántica cunha das grandes voces da ópera barroca e da música antiga, a soprano milanesa Roberta Invernizzi, intérprete e músico sensible e extraordinaria artista. Coa ópera como motor e partindo do primeiro barroco, dende os primeiros anos do século XVII, o programa *Monte-Verdi* camiña cara adiante até finais do XIX: unha viaxe que nos traslada ao mesmo tempo aos teatros de ópera e aos salóns, fogares, festas e celebracións, igrexas, conventos, palacios... A ópera causaba furor e o público non se conformaba con gozar dela só nos teatros; se a ópera tivese limitado a súa difusión só a este espazo, suporía realmente un gran fracaso. O percorrido do programa *Monte-Verdi* pola ópera italiana, como o seu título xa adianta, comeza e acaba en dúas figuras transcendentais da historia da ópera, Claudio Monteverdi e Giuseppe Verdi, pasando por arias e outras pezas operísticas de compositores imprescindibles como Antonio Cesti, Giovanni Paisiello, Gioachino Rossini, Alessandro Scarlatti, Gaetano Donizetti, Nicolo Piccinni, Antonio Vivaldi e Vincenzo Bellini. O conxunto galego Ars Atlántica que fundou dirixe o arpista compostelán Manuel Vilas, sen dúbida un dos grandes valores da música antiga en Galicia, reúne para a ocasión un conxunto de solistas galegos que combina talento e experiencia máis que salientables: Rosalía Gómez Lasheras (pianista de emerxente carreira e coñecedora dos instrumentos de teclado históricos), José Manuel Dapena (empresario e versátil guitarrista embaixador da cultura da guitarra polo mundo), Sara Ruiz (violagambista que colaboradora con prestixiosos conxuntos barrocos, recoñocida solista e fundadora e directora do seu propio grupo La Bellemont) e Mariña García-Bouso (nova violinista galega formada en Porto e especializada en música antiga cun prometedor futuro por diante). Roberta Invernizzi é considerada unha das grandes voces da ópera barroca e da música antiga e o seu currículo fala por si só: máis de 100 discos gravados, incluído

primicias mundiais e numerosos galardóns; actuacións con directores da talla de Ivor Bolton, Giovanni Antonini, Nikolaus Harnoncourt, Claudio Abbado, Ton Koopman, Gustav Leonhardt, Frans Brüggen, Jordi Savall, Alan Curtis, Fabio Biondi, Rinaldo Alessandrini, Gustavo Dudamel, etc., nos máis coñecidos escenarios de París, Viena, Salzburgo, Londres, Milán, Berlín, etc.

## **ROBERTA INVERNIZZI** soprano

Nada en Milán, foi pianista e intérprete de contrabaixo antes de estudar canto baixo a tutela de Margaret Heyward. Roberta Invernizzi é unha das máis solicitadas solistas nos repertorios barroco e clásico. Gran intérprete de Haendel, ten interpretado os papeis de María Magdalena de *La Resurrezione* no Musikverein de Viena, Medea de *Teseo* en Karlsruhe, Orianda de *Amadigi* no Handel Festival de Halle e na Ópera Real de Versalles, Cleopatra de *Giulio Cesare* coa Orchestra of the Age of Enlightenment, Flavia de *Silla* no Théâtre des Champs-Élysées e no Konzerthaus de Viena, Emirena de *Adriano in Siria* en Madrid e Valencia baixo a dirección de Fabio Biondi, Nerone de *Agrippina* no Teatro Real de Madrid, Armida de *Rinaldo* dirixida por Ottavio Dantone e posta en escena por Pier Luigi Pizzi na Scala de Milán, etc.

No eido da ópera e o teatro lírico, ademais, Roberta Invernizzi ten cantado os roles principais de *Dido e Eneas* (Teatro Filharmónico de Verona e Teatro Regio de Torino), *La Santissima Trinità* de Scarlatti, *Ercole sul Termodonte* de Vivaldi (Théâtre des Champs-Élysées de París), *Statira* de Cavalli (Teatro San Carlo de Nápoles), *Olimpiade* de Galuppi (La Fenice de Venecia), *L'Orfeo* de Monteverdi (na Scala de Milán baixo a dirección musical de Rinaldo Alessandrini e escénica de Robert Wilson e en Turín xunto a Antonio Florio), *Il ritorno di Ulisse in patria* (Elphilharmonie de Hamburgo con Europa Galante e Fabio Biondi), etc. Roberta Invernizzi canta regularmente no Festival de Salzburgo, onde ten protagonizado *Sant'Elena al Calavario* de Hasse con Fabio Biondi; *Aci, Galatea e Polifemo* de Haendel xunto a Giovanni Antonini; *Il trionfo del Tempo e del Disinganno* (Thomas Haselböck), *Isacco* de Jommelli, a *Misa en do menor* (Gustavo Dudamel) e a *Misa do Orfanato* (Claudio Abbado) de Mozart, etc. Tamén cómpre salientar as súas colaboracións co Musikverein de Viena e o Styriarte Festival de Graz (obras de Mozart baixo a dirección de Nikolaus Harnoncourt), co Mozarteum de Salzburgo (recitais con repertorio barroco con Il Giardino Armonico) ou co Teatro alla Scala de Milán (*Stabat Mater* de Pergolesi con Ottavio Dantone e o prestixioso concerto de Nadal dirixido por Giovanni Antonini).

Roberta Invernizzi ten traballado con directores da talla de Ivor Bolton, Giovanni Antonini, Nikolaus Harnoncourt, Claudio Abbado, Ton Koopman, Gustav Leonhardt, Frans Brüggen, Jordi Savall, Alan Curtis, Fabio Biondi, Antonio Florio, Rinaldo Alessandrini, Ottavio Dantone, etc., e actuado con orquestras da reputación de Concentus Musicus Wien, Orchestra Mozart, Accademia Bizantina, Il Giardino Armonico, Cappella della Pietà de' Turchini, Concerto Italiano, Europa Galante, Ensemble Matheus, Venice Baroque Orchestra, I Barocchisti, etc. Roberta ten gravado máis de 100 discos (Sony, Deutsche Gramophone, EMI/Virgin, Naïve, Glossa, Opus 111), moitos deles primicias mundiais, cos que recibiu galardóns como Diapason d'Or, Choc du Monde de la Musique, Gramophone Award, Goldberg's Five Stars ou Preis der deutschen Schallplattenkritik. Tamén gañou en 2007 o MIDEM Classical Award e o prestixioso Stanley Sadie Handel Recording

Prize polo seu álbum *Dolcissimo sospiro* e, de novo en 2010, o Stanley Sadie Handel Recording Prize co seu compacto como solista de cantatas italianas de Haendel. Entre os seus recentes e futuros compromisos cómpre salientar os papeis de Flavia do *Silla* de Haendel no George Enescu Festival de Bucarest e en Asia baixo a dirección de Fabio Biondi, Ipomene en *Empio punito* de Alessandro Melandi, dirixido musicalmente por Carlo Ipata e escenicamente por Jacopo Spirei, no Teatro Verdi de Pisa, San Giovanni no oratorio de Scarlatti *Vergine addolorata* no Baroque Festival da Staatsoper Berlin ou, con Claudio Osele, Giunone do *Semele* de Hasse no Theater an der Wien, Verona e Rheinsberg.

## ARS ATLÁNTICA

Ars Atlántica formouse en 2007 e está dirixido polo arpista Manuel Vilas. Dedicado á interpretación de repertorios musicais dos séculos XII ao XVIII con especial énfase no repertorio portugués, español, italiano e hispanoamericano, o ensemble amosa un especial interese pola recuperación musical de ambientes privados e íntimos. O debut discográfico de Ars Atlántica consistiu na primeira gravación mundial das cantatas venecianas procedentes do palacio Contarini en Piazzola Sul Brenta (Padova) xunto á mezzosoprano Marta Infante, rexistro sonoro que recibiu excelentes críticas así como o galardón Preslude Award Music (Holanda) como un dos mellores discos de música antiga do ano 2010.

Ars Atlántica ten participado en prestixiosos festivais como Via Stellae, Quincena Musical Donostiarra, Festival de Música Antiga de Vitoria, Festival de Órgano de Cascante, Festival de Música Sacra de Quito (Ecuador), Festival de Gante (Bélxica), Festival dos Pirineos, Festival de Casalarreina, Americas Society (New York), Festival Música-Música (Bilbao), Real Coliseo de Carlos III (El Escorial), Festival Enclaves (Huesca), Festival de Música Antiga de Aranjuez, etc.

Ars Atlántica e o seu director Manuel Vilas están a levar adiante o proxecto de gravación dos 100 tons humanos procedentes do chamado *Manuscrito Guerra* (segunda metade do século XVII), unha das principais fontes para o coñecemento da música vocal profana do barroco hispano: o proxecto inclúe o rexistro e publicación da totalidade das pezas deste manuscrito en seis discos compactos, dos que xa se teñen publicado os cinco primeiros na discográfica inglesa Naxos, recibindo excelentes críticas e dous recoñecementos: Disco Excepcional da revista Ritmo (maio 2011) e Disco do Mes da *Musicweb internacional* (Estados Unidos, decembro 2012).

Ars Atlántica salienta pola peculiaridade das súas propostas, onde a música, historia e outras disciplinas artísticas danse a man para estreitar o contacto co público e facelo sentir como nunha reunión familiar de época: dende un palacio español do século XVII a un salón inglés, un paseo en góndola pola Venecia do XVIII, un convento de clausura do XVII ou unha taberna da Sevilla barroca, o obxectivo sempre será dar unha volta por determinados ambientes do pasado. En total primicia Ars Atlántica representou a ópera *Rinaldo* de Haendel na súa versión reducida autorizada por Haendel en 1711 durante a clausura do Festival Via Stellae 2015 (Santiago de Compostela) e presentouse xunto a Marta Infante no Festival de Música Antiga de Gante. Recentemente participou nos homenaxes que a Universidade de Salamanca dedicou a Juan del Encina.

Ars Atlántica colabora ocasionalmente co cuarteto vocal *Vandalia* coa intención de difundir os tons humanos polifónicos; xuntos teñen materializado varios proxectos de recuperación patrimonial que quedaron reflexados nun disco dedicado a tons



polifónicos do barroco español titulado *Hirviendo el mar* e publicado na discográfica IBS en 2018. Actualmente recibiron unha bolsa da Fundación BBVA para realizar un disco dobre dedicado a un dos grandes cancioneros do século XVII español, o *Cancionero de la Sablonara*.

Ars Atlántica recibiu en 2015 o premio Festclásica outorgado pola asociación de festivais españois de música antiga e, máis recentemente, o premio á mellor produción discográfica 2018 por parte da Asociación de Grupo Españoles de Música Antigua (GEMA).

**MANUEL VILAS** arpa doppia, proxecto artístico e dirección  
Nado en Santiago de Compostela, formouse en arpas antigas dos séculos XII ao XVIII en Madrid con Nuria Llopis e en Milán con Mara Galassi. Ten colaborado con numerosos grupos e como solista nos máis importantes festivais de España, Alemaña, Italia, Cuba, Estados Unidos, Ecuador, República Checa, Austria, Noruega, Portugal, Suíza, Paraguai, Francia, Bolivia, Bélxica, Arxentina, Chile, Holanda, Colombia, Hungría, etc., ademais de ofrecer conferencias, cursos e clases maxistras en San Sebastián, Santiago de Chile, Zaragoza, Amherst (Massachussets), Santiago de Compostela, La Habana, A Haia, Quito, Bogotá, etc. Ten colaborado, como acompañante e como solista, en máis de 60 discos de diversos selos discográficos. En 2008 fundou o ensemble Ars Atlántica. É pioneiro na recuperación de arpas antigas hoxe esquecidas, como a arpa dobre da Coroa de Aragón (século XIV), a arpa chiquitana (Bolivia, século XVIII) e a arpa do virreinato de Perú (séculos XVII e XVIII). Unha das súas especialidades é ofrecer recitais con cantantes e ten acompañado a Marta Infante, Guillemette Laurens, Raquel Andueza, Maria Jonas, Isabel Monar, Juan Sancho, Roberta Invernizzi, Olalla Alemán, Mercedes Hernández, María del Mar Fernández Doval, Paloma Gutiérrez del Arroyo, Marivi Blasco, Jose Antonio López, Isabel Álvarez, Francisco Fernández Rueda, Yetzabel Arias, Monica Piccinini, etc. Foi convidado para representar a España no VI Festival Mundial de Arpa (Asunción, Paraguai) sendo o primeiro arpista en ofrecer un recital de arpa de dúas ordes neste país. Posúe o seu propio canal de youtube, onde se pode ver e escoitar parte do seu proxecto audiovisual no que amosa diversas arpas antigas en diferentes localizacións de Santiago de Compostela (ArpaManuelVilas).

## PROGRAMA

**Gaetano Donizetti** (1797-1848)

Obertura de *Don Pasquale*

*transcripción para piano anónima (París, c. 1848)*

**Vincenzo Bellini** (1801-1835)

“Casta Diva”, cavatina de *Norma*

*arranxo para voz e piano de autor anónimo (Madrid, c.1833)*

**Alessandro Scarlatti** (1660-1725)

“Crudo no, aura lieve ma infesta”, aria de *La Rosmene*

*versión reducida da época de autor anónimo*

**Antonio Vivaldi** (1678-1741)

“Io son quel gelsomino”, aria da ópera *Arsilda Regina di Ponto*

*adaptada para voz e continuo por autor anónimo, principios do século XVIII*

**Giuseppe Verdi** (1813-1901)

Fantasia para guitarra sobre motivos de *La Traviata*  
*composta por Julián Arcas (1832-1882)*

**Gioacchino Rossini** (1792-1868)

“Tu che accendi questo core”, cavatina de *Tancredi*  
*arranxada para voz e guitarra por Ventura Maria de Ripa (s. XVIII-XIX), Madrid, c. 1818*

**Niccolo Piccinini** (1728-1800)

Aria transcrita para violín da ópera *La Cecchina*  
*John Walsh (Londres, 2º metade século XVIII)*

**Giovanni Paisiello** (1740-1816)

“Begli occhietti”, aria da ópera *Don Chisciotte della Mancia*  
*versión de Nápoles (1769), arranxo de Manuel Vilas segundo prácticas da época*

**Antonio Cesti** (1623-1669)

“Intorno all’idol mio”, aria de *L’Oronthea*  
*aria en versión reducida, anónimo do século XVII*

**Giuseppe Verdi** (1813-1901)

“Oh nel fuggente nuvole”, escena e aria de *Attila*  
*reducidas para voz e piano por autor anónimo (c. 1846)*

**Claudio Monteverdi** (1567-1643)

Tocata-improvisación para arpa sobre o lamento da ópera *Ariadna* (Manuel Vilas)

**Claudio Monteverdi** (1567-1643)

“Tu sei morta” / “Ecco pur ch’a voi ritorno”, arias da ópera *L’Orfeo*  
*arias reducidas para soprano e baixo continuo procedentes de manuscritos anónimos do século XVII*

4

## **Rameau. Da escena ao teclado**

*Sinfonías e danzas a dous claves*

**PIERRE HANTAÏ** clave

**SKIP SEMPÉ** clave

Teatro Principal

Santiago de Compostela

martes 20 outubro 2010

20:00

A figura central do festival Ateneo Barroco na súa segunda edición en 2020 é un dos personaxes máis importantes no Barroco musical en Europa, Jean-Philippe Rameau, compositor singular de gran xenio, clavecinista e influínte teórico harmonía musical, herdeiro e resumo en si mesmo da tradición da gran ópera francesa. A faciana operística de Rameau, dende unha perspectiva moi particular e infrecuente, puramente musical, é a proposta que achegan ao festival dúas das figuras do seu instrumento, do clave. O francés Pierre Hantaï e o americano Skip Sempé reúnen nun programa moi especial para presentar as versións para dous claves das “sinfonías” e as danzas da produción escénica de Rameau, das súas ópera e dos seus ballet, nunha viaxe imaxinada xa polo propio compositor da escena ao teclado, e que agora Pierre Hantaï e Skip Sempé trasladan dende os seus claves ao noso teatro nunha proposta na que a música adquire un protagonismo especial sen perder a conexión co espectáculo.

Alumnos do máis grande mestre deste instrumento, Gustav Leonhardt, gañadores de prestixiosos concursos e premios, Pierre Hantaï e Skip Sempé son músicos moi experimentados, con máis de trinta anos de carreira, e artistas moi demandados para actuar nos principais escenarios e festivais do mundo. Autores de discografía moi amplas e variadas merecedoras de recoñecemento e numerosos galardóns, ambos son fundadores e directores dos seus propios ensembles de éxito especializados na música antiga e barroca: Le Concert Français (Pierre Hantaï) e Capriccio Stravagante (Skip Sempé).

**PIERRE HANTAÏ** clave

Nado en 1964, Pierre Hantaï apaixónase coa música de Bach e empeza a estudar música aos 10 anos. Recibe as súas primeiras clases de Arthur Haas e perfecciona a súa formación en Ámsterdam con Gustav Leonhardt. Axiña empeza a ofrecer os seus primeiros recitais e concertos, só ou na compañía dos seus irmáns Marc e Jérôme. Os anos seguintes están marcados pola colaboración con músicos directores de ensemble como Philippe Herreweghe, os irmáns Kuijken, François Fernández, Marc Minkowski, Philippe Pierlot, Jordi Savall, etc. O seu nome faise coñecido grazas a diversos e prestixiosos premios internacionais. En 1985 funda Le Concert Français, agrupación deseñada para traballar o repertorio barroco apoiándose nas investigacións musicolóxicas historicamente informadas, que daquela se atopaban en plena efervescencia. Recentemente reconstruíu este conxunto, ofrecendo xiras de concerto e gravando un disco dedicado ás cantatas de

Bach. Pierre Hantaï toca como solista nos principais escenarios e festivais de Europa, Estados Unidos e Xapón, pero tamén gusta de reunirse cos seus irmáns e os seus amigos, artistas do talento de Hugo Reyne, Sébastien Marq, Skip Sempé, Amandine Beyer, Olivier Fortin, Christophe Coin ou Jean-Guihen Queyras, para facer música de cámara. A súa rica e ampla discografía, recollida en selos como Astrée-Audivis, Opus 11, Musidisc e Virgin Veritas, está integrada por discos dedicados a Frescobaldi, Bach, Scarlatti, Mozart, etc., gravacións distinguidas con galardóns tan importantes como o Charles Cros ou o Gramophone Award.

### **SKIP SEMPÉ** clave

Orixinario de Nova Orleáns, Skip Sempé estudou música, musicoloxía, organoloxía e historia da arte en Estados Unidos, no Oberlin Conservatory, antes de completar a súa formación en Ámsterdam con Gustav Leonhardt. Daquela decide instalarse en Europa para avanzar na súa propia redescuberta dun repertorio coñecido ou menos coñecido de 1500 a 1750. Rapidamente, Skip Sempé salientou como un músico cuxos coñecementos históricos e organolóxicos o conduciron a defender unha concepción viva e comprometida da interpretación, alimentada, entre outras cousas, por investigacións para retomar as prácticas de improvisación particularmente importantes na música do Renacemento. Clavecinista e director de orquestra, reuniu ao seu redor a numerosos músicos para formar en 1986 o Capriccio Stravagante, conxunto que se presenta actualmente baixo tres formatos: Capriccio Stravagante, Capriccio Stravagante Renaissance Orchestra e Capriccio Stravagante Les 24 Violons. Como solista, Skip Sempé é particularmente célebre pola súa afinidade coas obras do período isabelino, a literatura francesa para clave (Chambonnières, d'Anglebert, Forqueray, Louis e François Couperin, Rameau), Bach e Scarlatti, así como polo seu talento como improvisador e transcritor. É convidado regularmente como director invitado e colabora habitualmente con artistas da talla de Julien Martin, Josh Cheatham, Sophie Gent, Olivier Fortin, Pierre Hantaï, Doron Sherwin, e cos ensembles B'Rock, Collegium Vocale de Gante, Chœur Pygmalion, Chanticleer, Les Voix Humaines, Studio de Musique Ancienne de Montreal, Helsinki Baroque Orchestra, Akademie für Alte Musik Berlin, etc. Engadindo o seu labor como director artístico ás súas actividades como clavecinista, director de orquestra, profesor e conferenciante, Skip Sempé fundou en 2006 o seu propio selo, Paradizo, para o que grava como solista ou cos seus conxuntos, e coordina proxectos editoriais como a homenaxe documentada que dedicou a Wanda Landowska, unha artista que lle ten servido de moita inspiración, ou unha recompilación dos seus propios ensaios sobre música e interpretación.

### PROGRAMA

#### **Jean-Philippe Rameau (1683-1764)**

I

Ouverture / Musette en rondeau / Menuets / Tambourins / Air pour les Polonais / Air pour les Esclaves Africains (*Les Indes Galantes*, 1735)

Musette (*Platée*, 1745)

Chaconne (*Dardanus*, 1739)

## II

Prélude (*Dardanus*)  
Tambourins en rondeau (*Les Fêtes d'Hébé*, 1737)  
La Timide (*Pièces de clavecin en concerts*, 1741)  
Air pour les Incas du Pérou (*Les Indes Galantes*)  
Air pour les Démons (*Castor et Pollux*, 1737)  
Sarabande (*Zoroastre*, 1749)  
Air pour les Bostangis (*Les Indes Galantes*)  
La Marais (*Pièces de clavecin en concerts*)

## III

Air tendre en duo (*Dardanus*)  
Ouverture (*Pygmalion*, 1747)  
Menuet (*Hippolyte et Aricie*, 1733)  
L'Agaçante (*Pièces de clavecin en concerts*)  
Menuets dans le goût de la vièle (*Platée*)  
Les Sauvages (*Les Indes Galantes*)  
L'Indiscrete (*Pièces de clavecin en concerts*)  
Prélude (*Dardanus*)  
Chaconne (*Les Indes Galantes*)  
Tambourins (*Dardanus*)

## ***Mestres do barroco francés***

*Couperin, Rameau, Marais... a música de cámara*

### **IMPETUS**

PABLO GUTIERREZ violín

JORDI COMELLAS viola da gamba

YAGO MAHÚGO clave e dirección

Teatro Principal

Santiago de Compostela

sábado 24 outubro 2020

20:00

Clausurando o festival, o ensemble madrileño Impetus que dirixe Yago Mahúgo, un dos mellores representantes da nova xeración de grupos españois de música antiga, dedica o seu concerto á música de cámara dos grandes mestres do Barroco francés: Marin Marais, os membros da familia Couperin (Louis, François...) e, como non, Jean-Philippe Rameau, figura central do festival Ateneo Barroco 2020. O gran Jean-Philippe Rameu foi un dos personaxes máis influentes no Barroco musical en Europa; compositor, clavecinista e teórico, referencia absoluta da ópera barroca francesa, Rameau aparece no programa do festival visto dende a dobre perspectiva de operista e de virtuoso e mestre compositor para o teclado, faciana que amosan á perfección as maravillosas *Pièces de Clavecin en Concert*.

### **IMPETUS**

Ímpetus, conxunto barroco de Madrid, nace en 2006 por iniciativa do clavecinista, fortepianista e director Yago Mahúgo co fin de dar difusión á música da época barroca e clásica/antiga seguindo criterios historicistas. Isto é posible grazas a un grupo de grandes músicos profesionais que, encabezados por Yago Mahúgo, conta cunha brillante preparación no eido da interpretación da música antiga, barroca, clásica e prerromántica con instrumentos orixinais. Deste xeito, a fidelidade a convencións musicais da época, así como a execución con instrumentos históricos de exquisita factura, fan que o son de Ímpetus se afaste substancialmente do habitual, achegándose á idea do compositor e á atmosfera orixinal de cada obra, situándoa no seu contexto histórico, artístico e interpretativo.

Ímpetus figura na actualidade entre os grupos españois de maior proxección. A súa traxectoria, tanto en concerto (Festival de Música Antigua de Aranjuez, Festival de Granada, etc.) como no estudo de gravación, ten sido amplamente enxalzada e premiada por prestixiosos críticos dentro e fóra de España. Tras a excelente acollida do seu primeiro disco, *Ímpetus live in Madrid* (2013), o segundo, *Pièces en Clavecin en Concerts* de Jean-Philippe Rameau (2014) foi nomeado aos International Classical Music Awards 2015 na categoría de Música Instrumental Barroca e foi galardoado cos premios das revistas especializadas máis importantes: *Scherzo* (Disco Excepcional del Mes), *Ritmo* (Disco Recomendado) e *Melómano* (Melómano de Ouro e Disco do Ano 2014). A súa terceira gravación, *Geistliche Oden und Lieder mit Melodien* de Carl Philip Emanuel Bach (2015), interpretado pola soprano Mariví Blasco e por Yago Mahúgo ao fortepiano Anton Walter, obtivo de novo o respaldo unánime da crítica.

Ademais do seu labor como fundador e director de Ímpetus, Yago Mahúgo desenvolve unha salientable carreira como solista. A súa gravación das obras completas para clave de Pancrace Royer (Brilliant Classics, 2013) foi galardoado como Disco Excepcional do Mes pola Revista *Scherzo*, entre outras mencións, e elixido polo xornal *El País* como unha das mellores gravacións de música antiga de 2013.

## PROGRAMA

### **Jean-Philippe Rameau** (1683-1764)

Pièces de Clavecin en Concerts núm. 1

La Coulicam

La Livri: Rondeau Gracieux (clave solo)

La Livri: Rondeau Gracieux

Le Vézinet

### **Jean-Philippe Rameau** (1683-1764)

Pièces de Clavecin en Concerts núm. 3

La Poplinière

La Timide (clave só)

La Timide

1er Tamourin, 2e Tambourin en Rondeau

### **Joseph-Nicolas-Pancrace Royer** (1705-1755)

La Marche des Scythes (clave solo)

### **Jean-Philippe Rameau** (1683-1764)

Pièces de Clavecin en Concerts núm. 5

La Forqueray: Fugue

La Cupis

La Marais